RESOLUCIÓN

ASUNTO: Convocatoria Plazas Escuela Infantil Municipal y PAI

EXPEDIENTE:2025/S004/000001

ANTECEDENTES:

O artigo 10 do regulamento de funcionamento e organización do Punto de Atención á Infancia do Concello de Cariño, publicado no BOP nº 25, de 06/02/2017, establece: as solicitudes de novo ingreso realizaránse no modelo oficial (Anexo I) e presentaránse no rexistro xeral do Concello ou pola sede electrónica municipal, en horario de atención ao público, dentro do prazo establecido para tal efecto, que será publicado na páxina web do Concello, no taboleiro de anuncios electrónico e no taboleiro de anuncios do PAI.

Considerando que este Concello vai proceder á apertura do prazo de preinscrición e renovación para o curso escolar 2025-2026 para o Punto de Atención á Infancia (EXPDTE 2025/S004/000001)

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Proceder á apertura do prazo dende o **02/05/2025 ata o 02/06/2025**, ámbolos dous incluídos, para a preinscrición e renovación de matrícula para o curso escolar 2025-2026 do Punto de Atención á Infancia.

SEGUNDO: De conformidade co artigo 11.2 do regulamento, as solicitudes de novo ingreso realizaránse no modelo oficial (Anexo I) debidamente asinado, no rexistro xeral do Concello, acompañado da seguinte documentación:

2.-Documentación xustificativa da situación familiar:

*Libro de familia ou nº de rexistro dixital.

*DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia (do pai e nai).

*Certificado de empadroamento (no caso de non estar censado no Concello de Cariño, pero algún dos proxenitores ou representante legal teñan os seus postos de traballo no municipio, achegaráse certificado de empresa ou da institución correspondente; no caso de estar censado nun concello limítrofe, presentaráse certificado de empadroamento en dito Concello).

3.- Documentación xustificativa da situación económica:

*declaración da renda ou certificado de exención do ano anterior.

*En caso de desemprego, certificación do INEM, que acredite a situación de desemprego e a percepción ou non de prestación.

4.- Documentación complementaria:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: F8lUKiT+k3PTfqlc4Klu Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Título de familia numerosa, se é o caso.

*Informe de servizos sociais, non supostos nos que sexa necesario, por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial na que vive a unidade familiar.

*No caso de nenos/as con necesidades educativas especiais NEE, informe de organismo competente no que se indique o grao de minusvalía así como a necesidade de integración.

TERCEIRO: Publicar a presente resolución na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios electrónico do Concello e no taboleiro de anuncios do PAI.

En Concello de Cariño, 30 de abril de 2025

A Alcaldesa

Ana María López Fernández

CVD: F8lUKiT+k3PTfqlc4Klu Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)